

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE SETEMBRO DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/2387/2008.- Rudesindo Gil Fernández.- Construcción de vivenda unifamiliar no Lugar de Xulacasa.

Lic/792/2008.- José Manuel Rodríguez Lamego.- Construcción de vivenda unifamiliar no Lugar de Sisto.

Lic/472/2009.- Juan Luis Gómez Serramo.- Construcción de vivenda unifamiliar na rúa do Lavadoiro.

Lic/1641/2007.- Aurora Mendez Vilouta.- Autorización da modificación do emprazamento da vivenda en Pedrido, Santa María de Vilvestro.

Lic/851/2009.- Juan Platas Martínez.- Construcción de vivenda unifamiliar no Lugar de Cesar, Parroquia de Barciela.

Lic/62/2009.- Brais Sangiao Rios.- Construcción de vivenda unifamiliar no Lugar de Lobra.

Lic/135/2008.- Rafael Souto Carlin.- Execución de escaleira no interior da nave existente na Vía Pasteur nº 114.-

DESFAVORABLES.-

Lic/ 2646/2007 e Lap/42/2008.- Juan Carlos Blanco Blanco.- Construcción dun establo de vacas leiteiras e apertura de dita actividade en Garandón nº 2, Parroquia de Cesar.

Lic/1457/2002.- Antonio Tarrío García en representación de Protase SL.- Rexeitar a solicitude de recepción das obras de urbanización executadas na Devesa Arins.

PARCELACIONES.-

Lic/1354/2009.- María del Carmen Garabal Iglesias.- Parcelación urbanística da parcela sita no lugar de Leira da Eira, Sabugueira Carballal.- (+).

Lic/310/2009.- Rafael Suto Carlin.- Parcelación urbanística da parcela sita na Vía Pateur do Polígono do Tambre. (+)

Lic/1353/2009.- Claudio Cutrín Quintela.- Parcelación urbanística das parcelas sitas na rúa do Vilares.- (-).

RECURSO DE REPOSICION.-

Lic/2/2009.- Estación de Servicio Compostela SL.- Ampliación e remodelación de edificio auxiliar da Estación de Servizo na rúa de Amio 114, Parque empresarial Costa Vella. (+)

Lic/1861/2007.- Antonio Vázquez Fernández.- Casa de Baixo e piso e catro fachadas no lugar de Sarela de Arriba. (-)

Lic/372/2008.- Residencial Cambrils SAU.- Construcción de edificio de 25 vivendas, 4 locais, garaxes e trasteiros na rúa do Avío nº 27 (-)

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

Lic/1753/2009.- Distribuciones Cutrin SI.-.....Expte.Lic/2849/2004.....2.500 €.

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/37/2008 .- CARMEN VÁZQUEZ MARZOA.- Acondicionamento de edificación auxiliar para uso de garaxe e trasteiro en rúa Ponte de San Lázaro de Abaixo, 21.

AUTORIZACIÓN AUTÓNOMICA EN SOLO RÚSTICO

LIC/2233/2008.- JUAN MANUEL NEIRO PULLEIRO.- Rehabilitación de edificio para aloxamento de turismo rural na rúa do Romaño e remisión da solicitude de autorización autonómica en solo rústico.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

LIC/2640/2008.- Devolución da fianza depositada por COMUNIDAD DE PROPIETARIOS Nº 1885 en garantía da licenza de reforma en núcleo de escaleiras para instalación dun ascensor (LIC/969/2007) na RÚA DO HORREO nº 22. O importe da fianza é de 1.500 €.

PRÓRROGA

LIC/981/2009.- GOYANES SANTISO S.L.- prórroga da licenza para construción de edificio , dúas vivendas e local comercial en rúa Pitelos nº 18-19 (LIC/1416/2005)

DISCIPLINA

PROPOSTA DE SANCIÓN POR INFRACCIÓN Á ORDENANZA LOCAL

DIS/372/2009.- Desestimación de tódalas alegacións presentadas por D. Manuel Munín Cabo, D. Francisco Ansedes Domínguez e D. Jesús López López na súa condición de administradores mancomunados da sociedade mercantil PROMOCIONES INMOBILIARIAS E INVERSIONES AMENEIRO SL e impoñer unha sanción de 1.500 € a PROMOCIONES INMOBILIARIAS E INVERSIONES AMENEIRO S.L..

5.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á definición da rede de centros socioculturais.

Acórdase a definición da rede de centros socioculturais que inclúe:

- creación dunha unidade central de control administrativo e establecemento dunha tipoloxía de centros determinada en función dos criterios de capacidade física dos espazos e posibilidades técnicas de prestación de servizos.
- distribución de zonas operativas com determinación de centros cabeceira e centros dependentes, con base, sobre todo, nas determinacións xeográficas.
- determinación de criterios orientadores da construción e dotación de novos centros de acordo coas tipoloxías establecidas.

6.- Adxudicación definitiva das obras de reforzo de firme nas vías públicas de Trasvea (Cesar), incluídas no POS 2009 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Adxudícase definitivamente o contrato para a execución das obras de reforzo do firme nas vías públicas de Trasvea (Cesar), incluídas no POS 2009 da Deputación da Coruña á empresa OVIGA, S, por importe de 42.603,45 euros máis IVE e un prazo de execución de 2 meses.

7 a 50.- -Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. no imposto sobre bens inmoables, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense as devanditas exencións e beneficios fiscais.

51.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo dando conta da corrección de erro material no acordo da sesión de 28 de xullo de 2009, relativo ao proxecto de compensación do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25). Roxos

Corríxese o erro material existente no proxecto de compensación do SUNP-25 de Roxos e acórdase notificar aos interesados.

52.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á solicitude de modificación do Proxecto de compensación dunha unidade de actuación en Son de Abaixo, debido á variación da superficie das parcelas nº 1 e 4.

Desestímase a solicitude.

53.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Plan parcial do solo urbanizable non programado número 2 (SUNP-2) de Salgueiriños. Modificación puntual da ordenanza particular de aplicación á reserva EDEP.

Apróbase inicialmente a modificación puntual da normativa do Plan parcial de ordenación do SUNP-2 no que atinxe ás condicións particulares de edificación da reserva de equipamento EDEP substituindo a actual regulación por unha remisión á ordenanza do sistema de equipamento e dotacións do vixente Plan xeral.

54.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á nova exposición pública e aprobación do proxecto reformado con carácter provisorio do Plan de parcial de ordenación do solo urbanizable non programado número 8 (SUNP-8), Sarela.

Apróbase proceder a apertura dun novo trámite de información pública sobre o documento reformado, con carácter previo á resolución que proceda adoptar sobre a súa aprobación definitiva.

55.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á modificación da cantidade aprobada no punto 21 de sesión de 2.6.09, relativo á concesión dunha subvención pola Deputación provincial da Coruña para a erradicación do chabolismo.

Modifícase a cantidade quedando en 43.975,2 e non en 43.972,2 euros, como estaba inicialmente.

58.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do pagamento das becas de comedor escolar concedidas para o curso 2008-2009, para os meses de maio e xuño.

Apróbase o pagamento de 4.800,66 euros en concepto de bolsas de comedor escolar para o pago dos meses de maio e xuño de 2009.

59.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á contratación de adquisición de material informático para substitucións e reparacións.

Apróbase a contratación de adquisición de material informático para substitucións e reparacións por importe de 13.866,36 euros e a súa adxudicación á empresa LA TECLA.

60.- Diversas propostas relativas á aprobación de Convenios entre o Concello e distintas entidades de carácter cultural.

Apróbase a sinatura dos convenios coas seguintes entidades: Sala Nasa (60.000 euros), Fundación Torrente Ballester (30.000 euros); Asociación cultural e Tempo Libre de Novo Circo e Cabaret Galega (15.000), Asociación do Traxe Galego (6.000), Museo do Pobo Galego (15.000), Fundación Rosalía de Castro (7.000), Asociación Cultural Musical Solfa (6.500), Conservatorio de música tradicional e folque (25.000), Asociación Cultural O Galo (15.000), Asociación Cultural Barriga Verde (15.000), Fundación Vía Galego (25.000).

61.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da liquidación das actividades da Escola de Verán de inglés 2009.

Devólvense 756 euros da Escola de Verán de Inglés correspondentes a matrículas que non cumprían os requisitos ou por rexeitamento da participación.

62.- Dar conta pola concelleira delegada de Centros Socioculturais do aboamento do primeiro prazo do Convenio entre o Concello e a Deputación da Coruña relativo ás actuacións da rede cultural 2009.

Dáse conta do aboamento do primeiro prazo do devandito convenio por importe de 7.792,10 euros (contía total do convenio: 15.584,20 euros).

63.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar e o Concello para a xestión da Escola Infantil do Tambre, integrada na rede de Escolas Infantís de Galicia.

Dáse conta do devandito convenio.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Sanidade relativa á xustificación do convenio entre o Concello e a Fundación Refuxio de Animais subscrito en 2008.

Acéptase a xustificación proposta pola Fundación o 11 de xuño de 2009 e requírese a presentación da documentación requirida no informe de intervención, así coma o pago dos

importes pendentes unha vez aprobada a documentación xustificativa do ano 2008. Ademais, apróbase o pago de 85.000 euros correspondentes á contía dos meses de xaneiro a xuño.

2.- Adxudicación definitiva do contrato de subministro de varios vehículos e o seu mantemento, mediante arrendamento (Renting) para o Concello de Santiago.

Elévese a definitiva a adxudicación á empresa NOYAMOVIL, S.L., dos seguintes lotes:

Lote I: 1 Citroën C5 HDI 140 S, 25.600 euros.

Lote II: 3 Citroën C3 HDI 70 Cool, 39.315 euros.

Lote III: 4 Citroën Nemo combi HDI 70 CV XTR, 60.000 euros.

3.- Aprobación de prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e inicio do expediente de contratación da xestión e dinamización sociocultural e comunitaria da rede municipal de centros socioculturais do municipio.

Apróbase o devandito prego e iníciase o expediente de contratación, por concurso aberto, cun tipo de licitación de 820.743,15 euros máis IVE para un prazo de dous anos (2009 e 2010).

4.- Proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá relativa á adxudicación provisional das obras incluídas no proxecto básico e executivo de reforma interior das dependencias da policía local.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa JOSCON CONTRUCCIONES SA, por importe de 129.150 euros máis IVE (a soportar pola Administración).

5.- Proposta da concelleira delegada de Facenda, Persoal e Réxime Interior, relativa á provisión de postos de traballo de Interventor e Viceinterventor de fondos municipais.

Declárase de deserto o posto de viceinterventor e adxudícase, polo sistema de libre designación, o posto de interventora a Inmaculada Viña Carregal.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á provisión dun auxiliar administrativo para o dito departamento.

Apróbase a provisión dun auxiliar para o departamento de Deportes ata o 31 de decembro.

7.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación do proxecto, prego de cláusulas administrativas e inicio da contratación das obras de urbanización exterior do centro social de Figueiras.

Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 120.086,41 euros máis IVE.

8. Adxudicación provisional das obras de saneamento da Conca do río Aríns, colectores secundarios, 2ª fase.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa MISTURAS, SA, por importe de 415.142 euros (IVE aparte a soportar pola Administración):

9. Prórroga do servizo de atención domiciliar da infancia.

Prorrogase por 6 meses o contrato de referencia adxudicado á empresa CLECE, SA, a contar desde o 16 de setembro de 2009, por importe de 42.278,40 euros.